



Iago Varela Martínez, voceiro municipal do Bloque Nacionalista Galego, presenta ante o Pleno do Concello de Cabanas para o seu debate e posterior acordo a seguinte

MOCIÓN DE APOIO Á PLATAFORMA DE VÍTIMAS DO ALVIA 04155

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Plataforma de Vítimas do Alvia 04155 leva loitando por esclarecer as circunstancias nas que se produciu o desgraciado accidente do tren Alvia 04155 na entrada de Santiago de Compostela o 24 de xullo de 2013. Neste accidente morreron 81 persoas e resultaron feridas outras 145, sendo o accidente máis grave da historia da democracia no estado.

Dita Plataforma constituíuse coa intención de reivindicar a verdade e a xustiza no sentido amplo, exixindo tamén responsabilidades políticas, polos feitos que rodearon o mencionado sinistro.

Un suceso tan grave non pode nin debe quedar no esquecemento das institucións públicas e dos responsábeis políticos, e por iso é necesario indagar as causas e responsabilidades penais e políticas que puidesen derivarse de dito accidente ferroviario. Á marxe das investigacións xudiciais e as responsabilidades penais que poidan derivarse delas, as vítimas sempre reivindicaron a apertura dunha Comisión de Investigación Parlamentaria para depurar responsabilidades políticas, polo que nun exercicio de responsabilidade, o Concello de Cabanas debера dar o seu apoio a esta iniciativa, posicionándose do seu lado.

A Plataforma de Vítimas do Alvia 04155 denunciou en reiteradas ocasións a falta de sensibilidade das autoridades e unha incomprendible situación de desamparo que viola os seus dereitos máis básicos como vítimas e familiares deste terríbel suceso. Con esta moción non podemos reparar o dano inmenso que estas persoas sufriron, nin tampouco podemos facer xustiza nin esclarecer a verdade do ocorrido, mais a través do consenso entre todos os partidos políticos con representación no noso Concello, nun acto de responsabilidade e compromiso, contribuímos a recoñecer e dignificar ás vítimas e familiares do accidente ferroviario do Alvia.

Por estas razóns, o Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo pleno do Concello de Cabanas esta moción propoñendo a adopción dos seguintes



Bloque Nacionalista Galego de Cabanas
cabanas@bng.gal
cabanas.bng.gal

ACORDOS

1. O Concello de Cabanas amosa o seu apoio á Plataforma de Vítimas do Alvia 04155 nas súas reivindicacións
2. O Concello de Cabanas recibirá á Plataforma de Vítimas do Alvia 04155 para coñecer as súas demandas e reivindicacións
3. O Concello de Cabanas solicitará que o Goberno do Estado encargue a unha comisión de expertos e persoal técnico a investigación do ocorrido.
4. O Concello de Cabanas solicitará ao Goberno do Estado a apertura dunha comisión de investigación en sede parlamentaria para establecer posíbeis responsabilidades políticas.

En Cabanas, a 9 de setembro de 2016

Asdo. Iago Varela Martínez
Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANAS